

ABRIL - MAIO - XUÑO DE 2016

Abracadabra Nº 30

NON TODOS OS MESES
SON IGUAIS

PASATEMPOS:
CHISTES , RECEITA ...

GALERÍA DE FOTOS

POETÍZATE

¿QUÉ HAI DE NOVO?



Xuño,... Xullo,... Agosto. Ah!!!! Estadés aí? Xenial!!! Que mes vos gusta máis? É que me decatéi que este ano é bisesto, e nos anos bisestos febreiro ten un día máis? E digo eu, por que non engadir o día de máis a un mes con bo tempo, días longos,... e dito sexa de paso con vacacións? Así que estou a facer unha proposta para cambiar ese día adicional. Si, si. Pero antes, por suposto, estívenme informando dunhas cantas cousiñas.

Para empezar, hai que saber canto dura un ano. E despois de estar a investigar, quedoume máis ou menos claro que a Terra tarda en dar unha volta completa ao redor do sol, vaia, o que vén sendo un ano, aproximadamente 365 días 5 horas 48 minutos e 45'25 segundos. Con todo, isto sabémolo hoxe en día, pero non sempre estivo tan claro. Así que imos remontarnos un pouco, ata o antigo imperio romano.

Parece ser que en tempos do primeiro emperador da antiga Roma, o calendario contaba con 10 meses, sendo marzo o primeiro e decembro o último. Segundo creo, estes meses, tiñan 30 ou 31 días, o que sumaba un total de 304 días. Onde quedaban os 61 días con 6 horas restantes? Pois simplemente non os contabilizaban. Eran días de inverno nos que non se podía traballar no campo, así que lles daba un pouco igual. Bastáballes con saber que marzo debía comezar na última lúa nova antes do equinoccio de primavera. Como podedes supoñer, tratábase dun calendario lunar, e non demasiado exacto.

O segundo emperador de Roma, Numa Pompilio, decidiu organizar o calendario. Para empezar, segundo estiven a ler, quitoulle un día a todos os meses que tiñan 30, porque por aquel entón, críase que os números pares traían mala sorte. Tamén quería que o ano abarcase 12 ciclos lunares, así que despois de botar as súas contas, decidiu engadir 56 días, máis un día extra, é dicir, 57, para non dar lugar a ningún número par. Desta maneira, apareceron xaneiro (en honra a Jano) e febreiro (en honra ás "februas", as festas de purificación), que os puxo ao final do calendario, a continuación de decembro. Aínda así, quedaban algúns días soltos, polo que a Pompilio non se lle ocorreu mellor idea que engadir un mes adicional, de 27 días, cada 2 anos. Cando isto sucedía, febreiro quedaba con 23 ou 24 días. En fin, é un pouco máis enredo, pero como resumo está bastante ben.

E chegou Julio César, que no ano 49 a. C., tras observar o calendario exipcio, e ser consciente do gran desfasamento que levaba o romano, co ano solar, abandonou o calendario lunar que ata entón tivera Roma, a favor dun calendario solar. Encargou a Sosígenes de Alexandría a súa elaboración, dando como resultado un calendario con 365 días. Para iso, engadiu os días que quedaban soltos a distintos meses, quedando todos eles con 30 ou 31 días, excepto febreiro que como estaba ao final quedou cos que tiña 28 ou 29, depende onde se mire. Tamén moveu xaneiro e febreiro para o principio do calendario, e como xa por aquel entón sabían que o ano duraba 365 días e aproximadamente un cuarto de día máis, engadiu un día entre o 23 e 24 de febreiro cada 4 anos. Por todo o seu esforzo, César decidiu recompensarse poñendo o seu nome ao mes quintilis que era no que nacera. Ah!!!!!! E para compensar o desfasamento acumulado no calendario ata a entrega do novo, aproximadamente no ano 46 a. C., ese ano foi o máis longo da historia con 445 días. A este ano coñéceselle como "ano juliano" ou "ano da confusión".

NON TODOS OS MESES SON IGUAIS

O fillo de Julio César, Octavio Augusto, fixo algunha reformiña máis e para non ser menos que o seu pai, púxolle o seu nome ao mes sextilis, que pasou a chamarse Agosto. Moitos son os que din, tamén, que como Agosto tiña 30 días, quitoulle un a febreiro, para ter os mesmos días que o mes do seu pai. Disto, non hai probas sólidas, mesmo se pensa que agosto xa tiña 31 días, pero todo o mundo o comenta, así que eu non ía ser menos, porque poñerlle o meu nome a un mes non me parece moi apropiado. Ha,ha,ha.

Pero volvendo ao tema, desde Julio César, a cousa pintaba mellor, pero como xa sabemos, non era exacta, así que a diferenza foise acumulando e varios séculos despois chegou a ser importante, así que o Papa Gregorio XIII realiza outra reforma para evitar o desfasamento que se estaba producindo con tantos anos bisestos. Así que, estableceu que un ano é bisesto se é divisible entre 4, excepto os anos que acaban en "00", que teñen que ser divisibles entre 400. Ademais, dispuxo que despois do 4 de outubro de 1582, seguiría o 15 de outubro de 1582, eliminando 10 días para suprimir o desfasamento co ano solar. Así, o 4 de outubro de 1582 foi o último día do calendario xuliano e o 15 de outubro de 1582 o primeiro do actual calendario gregoriano. E por iso non existen as datas do 5 ao 14 de outubro dese ano.

Como vedes, existen precedentes máis que demostrados para facer variacións no calendario, así que vou continuar coa miña a ver se consigo que se leve a cabo. Anímovos a que fagades o mesmo, e se algún quere deixarme a súa na Biblioteca Infantil e Xuvenil encantárame coñecela.

Vémonos no próximo número!!!!!!

No imperio romano, contábanse os días desde o final, así, estableceuse que o día de máis cada catro anos, iría situado antes do sexto día contando desde o 1 de marzo (ante diem sextum kalendar). Chamábanlle kalendar ao primeiro día de cada mes. Polo que o 24 de febreiro repetíase, de aí bisesto. Repítese 2 veces a sexta data.

Tres veces houbo un 30 de febreiro: en 1712 en Suecia e en 1930 e 1931 na Unión Soviética, e como o calendario Gegeriano ten un desfasamento dun día cada 3300 anos, prevese que no ano 3344 haxa, outra vez, un 30 de febreiro.

En 1929, a Unión Soviética, fixo un calendario con todos os meses de 30 días e os 5 ou 6 días que sobaban eran festas que non estaban en ningún mes. Así que 1930 e 1931 tivo todos os meses co mesmo número de días.

PASATEMPOS



RECEITA

LASAÑA CON XAMÓN

LABORIOSA - 4 PERSOAS - 50 MINUTOS

NECESITAS:

- 1 fonte ou placa de forno
- 1 cazo
- 1 batedor
- 1 culler
- Forno

INGREDIENTES:

- 12 placas de lasaña precociñada
- 200g de tomate frito
- 200g de carne picada
- 4 rebanadas de xamón cocido
- 1 litro de leite
- 60g de fariña
- 60g de manteiga
- Queixo raiado
- Sal
- Pementa
- Noz moscada
- Ourego
- Aceite de oliva


1. Bota unha culler de tomate no fondo da fonte
2. Doura na tixola, cun pouco de aceite, a carne con sal, pementa e ourego e engádelle o tomate restante.
3. Fai unha bechamel derretendo a manteiga, engadíndolle fariña e o leite pouco a pouco mentres remexas cun batedor. Rectifica con sal, pementa e noz moscada.
4. Monta a lasaña alternando as placas de pasta, a carne e unha rebanada de xamón.
5. Cubre con bechamel e queixo raiado.
6. E xa está lista para meter no forno a 200°C durante 20 minutos.



CHISTES

A continuación algúns dos chistes que nos deixáste- des na Biblioteca. Para escachar coa risa!!!!

SOLUCIÓN



¿Por qué se suicidó el libro de matemáticas?
Porque tenía muchos problemas.

Profesora, ¿qué quiere decir 'why'?
- ¿Por qué?
- Por saberlo

La maestra dice: Jaimito, si en esta mano tengo 8 naranjas y en esta otra 6 naranjas, ¿qué tengo?
- Unas manos enormes, señorita.

¿Qué le dice un pez a otro?
Nada.

Un pez le dice a otro: ¿sabes que tenemos dos segundos de memoria?
- ¿qué? Responde el segundo
Y el primero con cara extrañada dice: ¿qué de qué?

Jaimito le pregunta a la maestra: ¿Usted me castigaría por algo que no hice?
- Claro que no, contesta la maestra.
- Genial, dice Jaimito, porque no hice los deberes.

Un cepillo de dientes comenta: A veces creo que tengo el peor trabajo del mundo. A lo que el rollo de papel higiénico responde: Si... seguro...

GALERÍA DE FOTOS



POETÍZATE

A poesía serve para ler, cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, declararse, rebelarse contra o mundo ou unicamente para falar suave á orela. Tamén é un somnífero para durmir ben, unha pastilla sen química que mellora a saúde e o benestar, e relaxa as persoas. E serve, sobre todo, para explicar as razóns e as emocións que non veñen no dicionario. Así que xa o sabes: poetízate.

(Fran Alonso)



Deseño:MaizCreativos

Todos os anos celebramos, o 17 de Maio, o "Día das Letras Galegas" homenaxeando así a un autor galego diferente cada ano.

En 2016 o elixido pola RAG é Manuel María, un dos autores máis importantes e singulares da literatura galega contemporánea. Cultivou moitos xéneros literarios pero é máis coñecido como poeta, escribindo, tamén, moitos poemas para nenos.

Neste número queremos facer a nosa pequena homenaxe a este gran poeta galego, amosándovos algúns dos poemas que escribiu para nenos de todas as idades.

Poemas de Os soños na gaiola de Manuel María.

"Galicia"

Galicia docemente
está ollando o mar:
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de tráfechos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora.
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e mais a fala
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

"O meu barco"

Teño um barco de xoguete
E nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
quen me verá navegar!

Navegarei por mil rios
sete mares hei cruzar.
No meu barco de xoguete
casarei de viaxar!

No meu barco de xoguete,
mariñeiro e capitán...!
Non teño medo ó trebón
nin me asusta o furacán!

O meo barco de xoguete!
O meu barco moito val:
verei terras, verei illas,
verei mares de coral...!

Andiven tódolos mares!
Xa cansei de navegar
co meu barco de xoguete
sin salir do meu fogar!

"O mar"

Ti nunca viches o mar
cos seus berros bruadores,
coas súas escumas de prata,
cos barcos i os pescadores.

-¿Ti nunca viches o mar
a tecer i a destecer
ondas azuis que van
á praia mansa a morrer?

-¿E ti non sabes que o mar
é unha inmensa pranura,
auga e ceio, ceio e auga,
maxestade e fermosura?

-¿Ti nunca viches o mar?
¿E sabes que non repousa?
-Se nunca viches o mar
non viches ningunha cousa!

"O Sol"

O so, chámase Lourenzo
e é un señor moi findado
que está no alto do ceo
todo o día relumbrando.

Vai vestido de marelo,
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de si mesmo
o seu calor nos vai dando.

O sol chámase Lourenzo
e é señor moi sinalado.
Se non fose polo sol
estaría o mundo xeado!

Só o sol manda no ceo,
moi solemne, moi barbado.
As súas barbas son os raios
con que nos vai alumando!

QUÉ HAI DE NOVO...?

* Chega a primavera e con ela unha chea de celebracións: en abril, o día 2, "**Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil**" e o 23, "**Día do Libro**" e en maio, o 17, "**Día das Letras Galegas**". Celebrarémolos con talleres abertos para todas as idades no vestíbulo da Biblioteca. Esperámosvos!

* **V concurso "Palabras de amor"** 140 enpositivo. Inventa unha mensaxe motivadora, de apoio ou alegría con non máis de 140 caracteres. Podes participar deixándoa na Biblioteca ou nas nosas redes sociais. Infórmate na Biblioteca.


* **FINALIZAMOS CO BONOLIBRO!** Parabéns a todos os que o conseguistes, agora podedes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

*Recordámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna



Deputación de A Coruña. C/ Riego de Agua

no.37, 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

<http://www.dacoruna.es/biblioteca>

Depósito Legal: C 4802-2008